

SINOPSE DA *ILÍADA*

CANTO I

Tras nove anos de guerra entre gregos (tamén chamados aqueos, arxivos ou dánaos) e troianos (tamén chamados lidios), unha epidemia cae sobre o campamento grego. Consultado o adiviño Calcante, vaticina que a peste non cesará ata que Criseida, escrava de Agamenón obtida do saqueo dun templo de Apolo, sexa devolta ó seu pai Crises, sacerdote do deus. A cólera de Aquiles nace da aldraxe que lle inflixe Agamenón, quen, ó transixir en ceder a Criseida, arrebatada a Aquiles a súa parte do botín, a moza Briseida. Anoxado por todo isto, Aquiles renuncia a loitar, e asegura que só volverá ó combate no caso de que o lume troiano alcance as súas propias naves. A seguir, pídelles á súa nai Tetis que convenza a Zeus para que socorra os troianos. Este acepta, xa que Tetis o axudara cuando os seus irmáns divinos se rebelaran contra el.

CANTO VI

Ante o pulo dos aqueos, Héleno, fillo de Príamo e adiviño, insta o seu irmán Héctor a que regrese a Troia para encargarse das mulleres da cidade que realicen ofrendas no templo de Atenea, pedindo así o favor dunha deusa que, ata daquela, sempre se amosara hostil ós troianos debido ó desprezo que sufrira no chamado Xuízo de Paris. Mentres, na batalla, o fero heroe grego Diomedes e o licio Glauco, aliado dos troianos, caen na conta de que as súas familias manteñan antigos vínculos de amizade e hospitalidade. Como consecuencia, deixan de combater e intercámbianse as armas amigablemente. Pola súa parte, Héctor, tras realizar o encargo do seu irmán Héleno, vai na busca de Paris para increpalo e convencelo de que regrese á loita. A seguir, despídese da súa esposa Andrómaca.

CANTO XVI

Héctor logra prender lume a unha das naves dos aqueos. Ante o perigo que sofre o campamento grego, Patroclo pide permiso a Aquiles para tomar prestadas as súas armas e repeler o ataque. Así, ó mando dos mirmidóns, a tribo de Aquiles, Patroclo logra que os troianos, retrocedan, crendo que se trata de Aquiles. O curmán de Aquiles mata, entre outros, a Sarpedón, rei de Licia e fillo de Zeus. Pero Apolo acode en axuda dos troianos e golpea a Patroclo, que despois é herido por Euforbo e rematado por Héctor. No momento da morte, Patroclo vaticínalle a Héctor a súa próxima morte.

CANTO XXII

As forzas troianas refúxianse na cidade, pero Héctor queda fóra, con ánimo de pelexar contra Aquiles. Unha vez que os dous guerreros se atopan fronte a fronte, Héctor proponlle a Aquiles un pacto: o vencedor permitirá que o vencido teña uns funerais axeitados. Aquiles rexeita a proposta e dá inicio á pelexa. Ó comezo da mesma, Héctor foxe e dá varias voltas arredor da cidade. Pero logo aparece Atenea e faise pasar por Deífobo, un dos seus irmáns, enganando así a Héctor. Este, ó crer que será unha batalla de dous contra un, decide por fin enfrontarse cara a cara con Aquiles, que o mata, ata o seu cadáver ó seu carro de combate e volve ó su campamento subido nel. Antes de morrer, Héctor predille a Aquiles a súa futura morte.